

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3

SESION EXTRAORDINARIA 25 DE MARZO DE 2013

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero. Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente a membro da Xunta de Goberno Local, dona Olga

Alonso Suárez e mailo Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

1(42).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 9715/101. (629/1101)

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 20 de marzo, acordou a concesión de Medalla da Cidade á Asociación Española contra el Cáncer (AECC)- Xunta Local de Vigo, no presente ano 2013 co gallo da festa da Reconquista da Cidade.

Por escrito de data 20 de marzo de 2013, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, formula o seguinte informe-proposta:

“O RD 2568/86 que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (art. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

O Regulamento de Honores e Distincións aprobado por este Concello na súa sesión do 29 de setembro de 1981, establece como distinción (art. 7) a Medalla da Cidade, que se poderá propoñer (art. 3) por moción da Alcaldía ou grupo político, por petición popular ou dun número de concelleiros igual á maioría absoluta.

A Excmá. Corporación propón a concesión da Medalla da Cidade a:

Asociación Española Contra el Cáncer (AECC) - Xunta Local de Vigo

Esta asociación nace en 1953 co propósito de loitar contra o cancro e en 1971 crea a Fundación Científica para promover a fomentar a investigación oncolóxica. En setembro de 1992 constitúese en Vigo co obxecto de ofrecer un servizo de asesoramento e atención psicolóxica e social vinculados coa enfermidade.

Nestes 20 anos en Vigo levan axudado, investigado, informado e colaborado para que moitas persoas lograsen superar un cancro, grazas á colaboración desinteresada de moitas persoas e ao traballo do voluntariado, alicerce fundamental desta asociación.”

Por todo o exposto anteriormente, o Xefe de Protocolo e RR.PP. Formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder a Medalla da Cidade, Reconquista 2013, á Asociación Española Contra el Cáncer (AECC) Xunta Local de Vigo en recoñecemento ao seu labor continuado a prol da investigación e superación da enfermidade do cancro, e pola súa colaboración desinteresada no traballo do voluntariado desta asociación.

2(43).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 9716/101. (630/1101)

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 20 de marzo, acordou o nomeamento de Vigueses Distinguidos no presente ano 2013 co gallo da festa da Reconquista da Cidade.

Por escrito de data 20 de marzo de 2013, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, formula o seguinte informe-proposta:

O RD 2568/86 que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (art. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

En aplicación do artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario do 29 de setembro de 1981, a Comisión de Goberno de 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do nomeamento de Vigueses Distinguido para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que salientaron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares, e mesmo nalgúns casos, persoas que polo seu labor calado o polo seu auto-rexeitado protagonismo non son coñecidas pola maioría.”

A facultade do nomeamento corresponde ao Pleno da Excma. Corporación, recollendo as propostas formuladas polos grupos políticos municipais.

A proposta do presente ano 2013, segundo notas bibliográficas no expediente é a seguinte:

D. Antón Piñeiro Lorenzo

Nacido en Irún (Guipúscoa) en 1953, regresa á Galicia natal dos seus pais aos 5 anos e se asenta definitivamente en Vigo en 1972.

Traballador infatigable no deporte base da nosa cidade, persoa moi coñecida no barrio de Coia e en todo Vigo polo seu traballo na Agrupación Deportiva Seis do Nadal e no IES Alexandre Bóveda.

Como adestrador de balonmán acadou títulos en diversos campionatos provinciais e galegos. Preside o Club Balonmán Seis do Nadal-Coia desde 1994 ata hoxe e forma parte da directiva da Agrupación Deportiva Seis do Nadal-Coia.

Fundou a Asociación de Veciños “As nosas Rúas” en 1977, e foi o seu primeiro presidente.

Candidatura proposta polo Grupo Municipal do BNG

D. Antonio Romero Lorenzo

Oriundo de Santiago de Compostela, Licenciado pola facultade de Dereito da Universidade de Santiago, ingresou na carreira xudicial en 1957, ascendendo á categoría de maxistrado en 1974. Cruz de San Ramón de Peñafort e maxistrado na Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Desenvolveu unha longa traxectoria como maxistrado decano de Vigo, sendo ao mesmo tempo profesor asociado na Universidade de Vigo, e profesor colaborador da Escola de Práctica Xurídica no Colexio de Avogados de Vigo e ademais director de numerosos cursos de formación adicados a diferentes temas no decurso dunha importante adicación á docencia.

Proposta presentada polo maxistrado xuíz decano dos Xulgados de Vigo, Ilmo. Sr. D. Germán Serrano, acompañado de numerosas sinaturas pertencentes á cidadáns vigueses relacionados co mundo do Dereito e a Administración de Xustiza.

D. Carlos Oroza Fernández

Carlos Oroza nace en Viveiro (Lugo) no ano 1933, e aos catorce anos abandona o enderezo familiar para entregarse por completo á poesía.

Logo de residir en Ibiza, Madrid, París e EEUU instalouse en Vigo, onde vive dende hai máis de vinte anos. Realizou múltiples recitales por toda España e recibiu o premio internacional de poedía Undergrown, Nova Iork. A finais dos anos 60 fundou a revista Tropos e participou nunha longametraxe. Un Instituto de Ensino Secundario de Pontevedra leva o seu nome.

A súa candidatura é apoiada pola Editorial Elvira, por D. Nelson Villalobos e D.

Javier Romero.

Colegio Compañía de María

Fundado en 1886, e polo tanto o máis antigo de Vigo, chamado dende sempre “A Enseñanza” dedicada a formación das mulleres novas, e fiel ás súas orixes, pón ao servizo da sociedade e da Igrexa o seu patrimonio educativo con máis de 400 anos de experiencia dende a fundación por Santa Juana de Lestonnac, continuando, acorde co tempo, co seu labor educativo e pedagóxico. No ano 2012 cumpliu 125 anos.

Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao

A FAVEC agrupa a 35 asociacións veciñais da nosa cidade, un colectivo de persoas que, mediante o traballo voluntario trata de mellorar a calidade de vida da cidadanía de Vigo.

A andaina da FAVEC comezou a principios dos anos 80, aínda que ata 1987 non se constituiría formalmente. Adoptou o nome de Eduardo Chao, antigo ministro da República moi ligado a Vigo como símbolo de honestidade.

A historia da FAVEC é a historia da reclamación da participación veciñal nos asuntos públicos e na reivindicación de servizos de calidade.

Dende a súa constitución, a FAVEC fixo da democracia e a participación o seu obxectivo maior, no conecemento de que sen democracia non pode haber participación veciñal, e sen participación veciñal non pode haber progreso.

Lémbrese que a vogalía da Muller da FAVEC foi nomeada Viguesa Distinguida por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 1996.

Candidatura proposta polo Grupo Municipal do BNG

D. Gumersindo Espiña Campos.

Nacido en Vigo. Cursou os estudos de Medicina en Santiago, especializado en otorrinolaringoloxía, realizou o primeiro implante coclear, fito histórico na medicina realizado na Cidade de Vigo

Xubilado actualmente, desenvolveu 38 anos de traballo ininterrumpido, formando ademais un equipo de profesionais que continúan a súa andaina e experiencia.

Sociedade Cultural Deportiva Atlántida de Matamá

Fundada en 1963, cumpre, polo tanto, 50 anos traballando a prol da cultura e o deporte, se ben as súas orixes poden datar de principios do século pasado.

Constitúese como o nexo de unión de todo o barrio de Matamá, centrándose en actividades culturais, deportivas, folclóricas e tamén de formación, tanto musical como manual e informática..

Atlántida, o Grupo de Teatro Atlántida e diversos equipos deportivos. Agrupa ao Grupo Folclórico Atlántida, a Coral Ativos.

Proposta presentada polo presidente da Sociedade”

Por todo o exposto anteriormente, o Xefe de Protocolo e RR.PP. Formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder o título de Vigués Distinguido, Reconquista 2013 ás seguintes persoas e institucións:

- Antón Piñeiro Lorenzo
- Antonio Romero Lorenzo
- Carlos Oroza Fernández
- Colexio Compañía de María
- Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao”
- Gumersindo Espiña Campos
- Sociedad Cultural Deportiva Atlántida Matamá

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.